



FUNDACIÓN
EROSKI
contigo



ESCOLA DE
ALIMENTACIÓN

Nota de prensa

FUNDACIÓN EROSKI E BASQUE CULINARY CENTER IMPARTIRÁN MÁIS DE MEDIO CENTO DE OBRADOIROS DE COCIÑA PARA ESCOLARES DO PAÍS VASCO E NAVARRA

- **O obxectivo dos obradoiros “O Chef da Clase” é ensinar os nenos e nenas a faceren unha compra saudable e responsable e a prepararen receitas de cociña doadas, divertidas e saudables**
- **Esta iniciativa enmárcase dentro do convenio suscrito entre EROSKI e Basque Culinary Center**
- **Os obradoiros son unha das actividades mellor valoradas por profesores e escolares dentro do Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables (PEAHS) que leva a cabo a Escola de Alimentación da Fundación EROSKI**
- **Máis de 2 millóns de escolares participaron no programa desde o 2012**

Elorrio, 14 de outubro do 2024.- [Fundación EROSKI](#) e [Basque Culinary Center \(BCC\)](#) impartirán máis de medio cento de obradoiros presenciais de cociña “O Chef da Clase” para escolares do País Vasco e Navarra nas tendas [EROSKI](#). O obxectivo é ensinar os nenos e nenas a faceren unha compra saudable e responsable e a prepararen receitas de cociña doadas, divertidas e saudables.

Esta iniciativa enmárcase dentro do convenio renovado en xullo entre EROSKI e BCC polo que se comprometen entre outras cousas a sensibilizaren a xente nova sobre a importancia dunha alimentación equilibrada e a súa relación coa saúde, así como a mostrar como planificar unha dieta equilibrada. Durante o pasado curso impartíronse 61 obradoiros, nos que participaron 1.128 alumnos de 32 centros educativos, 4 deles para alumnos de educación especial.

Os obradoiros “O Chef da Clase” son unha das actividades do Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables (PEAHS) que leva a cabo a [Escola de](#)

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



[Alimentación da Fundación EROSKI](#), unha das mellor valoradas por profesores e escolares. *“A educación é a base para avanzar cara a unha nutrición máis sa, que lles evite problemas de saúde aos nenos e nenas. En EROSKI dámoslles moita importancia aos programas educativos destinados a fomentar unha alimentación saudable e a promover os hábitos de vida saudable. Por iso, estamos presentes nos centros escolares para divulgar pautas para unha mellor nutrición a través de diferentes iniciativas”,* sinalou o director da Fundación EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Máis de 2 millóns de escolares participantes

A [Escola de Alimentación da Fundación EROSKI](#), que inicia a XIII edición do Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables (PEAHS) neste curso escolar 2024-2025, comezou a súa andaina no 2012.

Un total de 2.110.000 escolares menores de 12 anos participaron ata a data no programa, cifra que equivale ao 72% do universo total de escolares de infantil e primaria de España. No pasado curso, que contou co financiamento do [Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030](#), participaron 213.629 escolares de 2.352 centros educativos,

Os contidos actuais do Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables (PEAHS) están dirixidos a escolares de primaria (6-12 anos) e de educación infantil (3-6 anos) de todos os centros escolares de España e buscan formar o alumnado nos elementos básicos dunha alimentación equilibrada, hábitos de vida saudables, o coñecemento de produtos locais, as dietas de diferentes culturas do mundo e a sustentabilidade do planeta. Amais de materiais didácticos para os docentes, ofrécense xogos interactivos con retos e premios centrados na promoción da alimentación equilibrada con diferentes niveis de dificultade adaptados aos rangos de idade de 6 a 8 anos, 8 a 10 anos, e 10 a 12 anos. Os centros e mais as familias poden acceder dixitalmente a contos, actividades experimentais e sensoriais, xogos para a clase e para facer en familia e a cómics especificamente deseñados para cada nivel.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



O Programa, que se enmarca dentro dos [Compromisos pola Saúde e Sustentabilidade](#) de EROSKI na súa referencia á prevención da obesidade infantil, foi configurado por un comité científico formado por profesionais de diferentes disciplinas: medicina e pediatría, nutrición e dietética, psicopedagogía e pedagogía.

As escolas interesadas en participar no PEAS durante este curso pódense inscribir a través da renovada páxina web www.escueladealimentacion.es, no correo electrónico energiaparacrecer@escueladealimentacion.es ou a través do teléfono 664 613 353 de luns a venres de 9:00h a 17:00h.

Recoñecementos á promoción de hábitos saudables

O programa formativo da Fundación EROSKI para promover unha alimentación máis saudable conta con numerosos recoñecementos. Entre eles, o [Premio “O Chupete”](#) do Festival Internacional de Comunicación Infantil en recoñecemento á comunicación dirixida a menores; o [Premio NAOS](#) outorgado polo Ministerio de Sanidade e Consumo en recoñecemento á súa achega á saúde dos consumidores e á difusión de hábitos de vida saudables; o [Selo Gosasun de Innobasque](#) (Axencia Vasca de Innovación); [Premio Ciudadán](#) na categoría de Saúde e Calidade de Vida; o [Premio do Centro Catalán da Nutrición](#) (CCNIEC); e o [Premio OCARE](#) á “Mellor campaña de comunicación RSC coa sociedade civil”.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)